

↑ *Estrany riu.* (Jaume Claret Muxart) ESTREA 3 OUT

# NUMAX PRESENTA:

**94 | OUTUBRO 2025**

Libraría

# *Enchoupadas de sombra*

Ficcións extrañas e literatura de terror para ir entrando en outubro. Nesta escolma atoparedes contos, novelas, cómic e ensaio para volver da lectura enchoupadas de sombra.



***Museo negro***
María Negroni
WUNDERKRAMER
17€




## *Una jaula salió en busca de un pájaro*

### VVAA

MUTATIS MUTANDIS | 20,80€




## *Negro tal vez*

### Attila Veres

SEXTO PISO | 23,90€




## *Visceral*

### María Fernanda Ampuero

PÁGINAS DE ESPUMA | 16€




## *El horizonte del grito*

### Maximiliano Barrientos

LAVA | 21,90€




## *Nocturnos*

### Laura Pérez

ASTIBERRI | 21€




## *Mugre rosa*

### Fernanda Trías

RANDOM HOUSE | 17,90€




## *Cando petan na porta pola noite*

### Xabier P. Docampo

XERAIS | 13,95€




## *Lapvona*

### Ottessa Moshfegh

ALFAGUARA | 19,85€




***Á lus do candil***
Ánxel Fole
GALAXIA | 18€




***A maldición de Hill House***
Shirley Jackson
BOADICEA |18€




***Meridiano de sangre***
Cormac Mcarthy
RANDOM HOUSE | 20,90€




***A Trasnoite***
Adrián Maceda
MALAFERA | 17,00€

# Presentacións | Outubro 2025

**MÉRCORES 15 DE OUTUBRO ÁS 18H**

Club de lectura do Ateneo Barroco: *El violín de Lev. Una aventura italiana* (ACANTILADO) de **Helena Attlee.**

**VENRES 17 DE OUTUBRO ÁS 19:00H**

Presentación de *Amiga mía* (BLACKIE BOOKS) de **Raquel Congosto** con **Estela Gómez.**

**SÁBADO 18 DE OUTUBRO ÁS 12.30H**

Presentación de *Pábilun* (ULTRAMARINOS) de **Xaime Martínez** con **Ismael Ramos.**

**XOVES 23 DE OUTUBRO ÁS 19:00H**

Presentación de *Comerás flores* (LIBROS DEL ASTEROIDE) de **Lucía Solla** con **Ana Varela.**

**MARTES 28 DE OUTUBRO ÁS 19:00H**

Presentación de *O lanzador de coitelos* (GALAXIA) de **Fernando Castro** con **Loli Vilavedra.**

DICIR AS MARXES

04

16 de outubro | 20:00h

Daniel Amarelo e Guadalupe Jiménez
A familia escolhida?
Transgressões e normatividades
da amizade

NUMAX 10 10
numax.org

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA



# Cinema

## Filme do mes:



**SAN SIMÓN** ESTREA 23 OUT

**Miguel Ángel Delgado, 107', GAL, VO**

Con Flako Estévez, Alexandro Bouzó

Outubro, 1936. O franquismo abre campos de concentración en conventos, fábricas, escolas, prazas de touros, mosteiros... En San Simón fan do antigo lazareto un lugar de morte e represión. Sete anos despois, Lamas lembra a historia daqueles que, coma el, sufriron a represión nesta pequena illa de beleza abrumadora. Miguel Ángel Delgado recupera a memoria dos presos na súa primeira longametraxe, onde axunta actores profesionais e fillos e netos reais dos presos.

A montaxe da película correu a cargo de Marcos Flórez do Laboratorio NUMAX, onde tamén se levou a cabo a coordinación de posprodución e masterización do filme así como o deseño dos títulos de crédito.

# Estreas



## ESTRANY RIU ESTREA 3 OUT

**Jaume Claret Muxart, 103', CAT, VOSE**
Con Jan Monter, Francesco Wenz

Dídac ten dezaseis anos e viaxa en bicicleta polo Danubio coa súa familia. Entre días calorosos, un encontro inesperado muda o rumbo da viaxe: un misterioso rapaz aparece entre as augas do río. A súa presenza enigmática esperta algo novo en Dídac.

**Orizzonti Venecia 2025**



*Vineland*
Thomas Pynchon | 22,90€

## UNHA BATALLA TRAS OUTRA

ESTREA 3 OUT

**Paul Thomas Anderson, 170', ING, VOSE**
Con Leonardo DiCaprio, Benicio Del Toro

Cando o seu malvado inimigo rexorde, unha banda de exrevolucionarios reúnese para rescatar a filla dun dos seus, encarnado por Leonardo DiCaprio. Adaptación da novela «Vineland», de Thomas Pynchon.



*Cartas inéditas*
Pardo Bazán / Pérez Galdós | 17,90€

Presentación e coloquio coa directora | 10 OUT

## MI ILUSTRÍSIMO AMIGO

ESTREA 10 OUT

**Paula Cons, 80', ESP, VO**
Con Lucía Veiga, Paco Déniz

Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós viven a súa apaixonante historia de amor e creatividade. Emilia, adiantada ao seu tempo, escribe sobre temas controvertidos mentres desafía as normas sociais. Benito encontra en Emilia unha musa.

**Mellor Filme Berlin Women Festival 2025**



## UN SIMPLE ACCIDENTE

ESTREA 17 OUT

**Jafar Panahi, 105', FA, VOSE**
Con Vahid Mobasseri, Mariam Afshari

Un accidente de coche convértese no detonante dunha cadea de eventos inesperados e cada vez máis graves. Os involucrados vense arrastrados a situacións fóra do seu control, enfrontando decisións difíciles con consecuencias irreversibles.

**Palma de Ouro Cannes 2025**



## ONE HAND DON'T CLAP (UNHA MAN SOA NON APLAUDE) ESTREA 17 OUT

**Kavery Dutta Kaul, 92', ING, VOSE**
Con Lord Kitchener, Calypso Rose

O documental acompaña, en 1986, a Lord Kitchener, gran mestre do calipso, e a irreverente Calypso Rose, pioneira nun xénero dominado por homes, na súa viaxe desde os estudios de gravación de Nova York ata as vibrantes rúas de Porto España.



Pase adaptado | 25 OUT

## LOS DOMINGOS ESTREA 24 OUT

**Alauda Ruiz de Azúa, 115', ESP, VO**
Con Blanca Soroa, Patricia López Arnaiz

Ainara, unha moza de 17 anos, comunícalle á súa familia que se sente cada vez máis preto de Deus e que se cuestiona abrazar a vida de monxa de clausura. A noticia colle por sorpresa a toda a familia provocando un abismo e unha proba de fogo para todos.

**Sección Oficial Donostia 2025**



Presentación e coloquio co director | 1 NOV

## DECORADO ESTREA 31 OUT

**Alberto Vázquez, 96', ESP, VO**
Arnold é un rato de mediana idade atrapado nunha crise existencial. O seu matrimonio vénse abaixo, a súa vida parécelle absurda e empeza a sospeitar que todo é unha gran farsa. Cando o seu mellor amigo morre en circunstancias sospeitosas, Arnold convéncese de que algo non encaixa.

**Sección Oficial Sitges 2025**

# Pases especiais



*Hostal España.*
Belén Sola / Mafe Moscoso
| MENOSLOBOS, 12.00€

## HOSTAL ESPAÑA

PASE ÚNICO 31 OUT

**Chus Domínguez / Inma Álvarez, 60', ESP, VO, 2020**

Todos os cuartos do Hostal España, un modesto e céntrico establecemento situado na cidade de León, están ocupados por persoas maiores, moitas procedentes da abandonada contorna rural.

## Os ollos verdes



Coloquio en liña co director

### A SAVANA E A MONTANHA

PASE ÚNICO 13 OUT

**Paulo Carneiro, 77′, PT, VOSE**

Un documental híbrido captura a loita creativa dos habitantes de Covas do Barroso, no norte de Portugal, contra os plans da empresa británica Savannah Resources, que quere construír a mina de litio a ceo aberto máis grande de Europa a poucos metros das súas casas.



### FARUK PASE ÚNICO 27 OUT

**Asli Özge, 97′, TK, VOSE, +12**

Faruk, de 90 e pico anos, convértese no protagonista da película da súa filla sobre a demolición do seu bloque de pisos en Istambul. Faruk asiste ás reunións de propietarios coa esperanza de atrasar o proceso de demolición do edificio.

**Premio do Público Panorama – Berlinale 2025**

## Pioneiras



### CURTAMETRAXES MARY ELLEN BUTE PASE ÚNICO 2 OUT

**Mary Ellen Bute, 58′, ING, VO, 1935-1956**

Curtas da primeira muller en crear animación abstracta nos EEUU e a primeira persoa en empregar un instrumento electrónico para xerar imaxes cinematográficas. Sesión conducida polo cineasta experimental galego Alberte Pagán.

## Petís Numax



### PEZQUEÑÍN, O PEQUENO AVENTUREIRO PASES ÚNICOS 12-13 OUT

**VV.AA., 54′, VE, +3**

Pezqueñín é un peixe moi pequeniño cunha grande imaxinación. Conta historias tan incribles que nin sequera os seus amigos do cole o cren. Un día Pezqueñín logra demostrar que a súa imaxinación pode ser un don marabilloso que pode chegar a salvar vidas. Divertidas aventuras que teñen como escenario o fondo mariño.

## Foco Paul Thomas Anderson



### BOOGIE NIGHTS

PASE ÚNICO 2 OUT

**Paul Thomas Anderson, 156′, ING, VOSE, 1997**
Con Mark Wahlberg, Julianne Moore

**🏆 3 Nominacións Oscar 1997**

### MAGNOLIA

PASE ÚNICO 9 OUT

**Paul Thomas Anderson, 188′, ING, VOSE, 1999**
Con Tom Cruise, John C. Reilly

**🏆 Mellor Filme Berlinale 2000**

### PURO VICIO

PASE ÚNICO 16 OUT

**Paul Thomas Anderson, 148′, ING, VOSE, 2014**
Con Joaquin Phoenix, Josh Brolin

**🏆 2 Nominacións Oscar 2014**

## Especial Noite de Samaín

### VERMELLO ESCURO

PASE ÚNICO 31 OUT

**Dario Argento, 126′, ITA, VOSE, 1975**
Con David Hemmings, Daria Nicolodi

**🏆 Mellor Dirección Sitges 1976**

### NA BOCA DO MEDO

PASE ÚNICO 31 OUT

**John Carpenter, 95′, ING, VOSE, 1994**
Con Sam Neill, Julie Carmen

## Ateneo Barroco



### NA BUSCA DO VIOLÍN PERFECTO

PASE ÚNICO 15 OUT

**Hans Lukas Hansen, 83′, NOR, VOSE, 2021**

Un lutier apaixonado quere fabricar o violín perfecto para a artista Janine Jansen. Para iso viaxará por media Europa, negociará coa mafia e evitará zonas minadas até atopar a árbore coa que construír un instrumento para a eternidade.



NUMAX 10 10

numax.org

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAAAgencia
GGGGGGGráfica

@numaxcoop